- Aprobar a aceptación da doazón do pintor Alejandro Cabeza á Universidade de Vigo do cadro “Retrato de Ramón María del Valle-Inclán”.
- Aprobar a aceptación da doazón de equipos de investigación de Endesa, S.L. á Universidade de Vigo.
- Emitir informe favorable sobre a modificación eco-

nómica derivada da Oferta de emprego público do persoal de administración e servizos para 2018, aprobada polo Consello de Goberno da UVigo en reunión do 12 de decembro de 2018.

- A asignación das retribucións adicionais relativas aos complementos de recoñecemento por cargos de xestión a profesorado da Universidade de Vigo, consonte rectificación da ACSUG respecto da convocatoria 2017.
- A asignación das retribucións adicionais relativas aos complementos de recoñecemento da excelencia curricular docente e investigadora a profesorado da Universidade de Vigo, consonte resolución da ACSUG sobre dous recursos admitidos respecto da convocatoria 2017.

## DE CARÁCTER ACADÉMICO-SOCIAL

### PLENO 18 DE ABRIL:

- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de decembro de 2017 e xaneiro, febreiro e marzo de 2018.
- Aprobar a continuidade do “Estudo sobre a empregabilidade, confianza e valoración dos alumnos da Universidade de Vigo. Curso 2017/18”.
- Darse por informado do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento, para o

curso 2018/19.

- Informar favorablemente a declaración de interese das novas titulacións de Grao e Máster para o curso 2018/19.
- Informar favorablemente sobre o cambio de denominación do Centro singular de investigación da Universidade de Vigo ECIMAT, para pasar a denominarse Centro de investigación mariña da Universidade de Vigo (CIM-Vigo).

### PLENO 5 DE XUÑO:

- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de abril de 2018.

### PLENO 5 DE XULLO:

- Acordar, co Reitor, o nomeamento de dona Raquel María Souto García como Xerente da Universidade de Vigo.

### PLENO 26 DE XULLO:

- Emitir informe favorable á implantación dos seguintes títulos de Máster e Doutoramento na Universidade de Vigo, para o curso 2019/2020: Máster Universitario en Visión por Computador (Interuniversitario); Máster Universitario en Xestión e Dirección de Sistemas e Tecnoloxías da Información e das Comunicacións e Seguridade da Información; Máster Universitario en



Ernesto Pedrosa con Salustiano Mato no último Pleno como Reitor.

Industria 4.0; Programa de Doutoramento Interuniversitario en Turismo; Programa de Doutoramento Interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural.

- Emitir informe favorable ás modificacións dos seguintes títulos de Grao, Máster e Doutoramento na Universidade de Vigo, para o curso 2019/2020:

Grao en Química; Grao en Ciencias do Mar; Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación; Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte; Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos (Interuniversitario); Máster Universitario en Técnicas Estatísticas

(Interuniversitario); Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química.

- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de maio e xuño de 2018.



Asistentes á sesión celebrada o 3 de novembro, no Campus de Pontevedra.

#### **PLENO 30 DE NOVEMBRO:**

- Aprobar a finalización da adhesión da Universidade de Vigo ao Consello de universidades da Fundación Triptolemos para desenvolvemento agroalimentario.
- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de xullo, agosto e setembro de 2018.

#### **PLENO 27 DE DECEMBRO:**

- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de outubro e novembro de 2018.

# **COMISIÓN EXECUTIVA**

## **PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS**

**Ao longo do ano 2018 reuniese en tres ocasións, e adoptou os seguintes**

### **ACORDOS**

- Aprobar a modificación de prezos públicos pendentes da Área de benestar, saúde e deportes, que ofrece a Universidade de Vigo para o curso académico 2017/2018.
- Aprobar as taxas dos Cursos de Extensión Universitaria do Campus de Vigo 2018.
- Aprobar os prezos mensuais dos complexos residenciais universitarias O Castro (Vigo) e As Burgas (Ourense), para o curso 2018/2019.
- Aprobar as taxas dos Cursos de Extensión Universitaria do Campus de Ourense 2018.
- Aprobar as taxas dos Cursos de Extensión Universitaria do Campus de Pontevedra 2018.
- Aprobar os prezos públicos do Programa de maiores para o curso 2018/2019.
- Aprobar as taxas para a actividade “Campus Camp 2018” a desenvolver no próximo verán nos tres Campus da Universidade de Vigo.
- Aprobar unha colaboración de 5.000€, para a organización pola Universidade de Vigo dun concurso conmemorativo do Pergamiño Vindel, o vindeiro 29 de maio de 2018.
- Aprobar os prezos públicos dos Obradoiros a desenvolver no curso 2018/2019 nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.
- Aprobar os prezos para o Programa de maiores, por labores administrativas e tarefas de xestión, para o curso 2018/2019.
- Aprobar a distribución das 52 bolsas-colaboración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o curso 2018/2019:

| DEPARTAMENTO  | Nº BOLSAS |
|---|-----------|
| Filoloxía galega e latina   | 1         |
| Filoloxía inglesa, francesa e alemá                                 | 1         |
| Historia, arte e xeografía  | 1         |
| Escultura   | 1         |
| Pintura   | 1         |
| Debuxo  | 2         |
| Lingua española   | 1         |
| Literatura española e teoría da literatura                          | 1         |
| Traducción e lingüística  | 1         |
| Análise e intervención psicosocioeducativa                          | 1         |
| Dereito privado   | 1         |
| Dereito público   | 1         |
| Didáctica, organización escolar e métodos de investigación          | 1         |
| Didácticas especiais  | 2         |
| Economía aplicada   | 1         |
| Economía financeira e contabilidade                                 | 1         |
| Fundamentos da análise económica e h <sup>a</sup> e instituc. econ. | 1         |
| Organización de empresas e mercadotecnia                            | 1         |
| Psicoloxía evolutiva e comunicación                                 | 1         |
| Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía        | 1         |
| Dereito público especial  | 1         |
| Comunicación audiovisual e publicidade                              | 1         |
| Deseño na enxeñaría   | 1         |
| Enxeñaría eléctrica   | 1         |
| Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos           | 1         |
| Enxeñaría química   | 2         |
| Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construcción           | 1         |
| Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente                    | 1         |
| Enxeñaría dos sistemas e automática                                 | 1         |
| Física aplicada   | 2         |
| Tecnoloxía electrónica  | 1         |

|  |   |
|--|---|
| Enxeñaría telemática                           | 1 |
| Teoría do sinal e comunicación                 | 2 |
| Informática                                    | 1 |
| Matemática aplicada II                         | 1 |
| Bioloxía funcional e ciencias da saúde         | 1 |
| Bioloxía vexetal e ciencias do solo            | 2 |
| Bioquímica, xenética e inmunoloxía             | 1 |
| Ecoloxía e bioloxía animal                     | 2 |
| Estatística e investigación operativa          | 1 |
| Química analítica e alimentaria                | 1 |
| Química inorgánica                             | 1 |
| Xeociencias mariñas e ordenación do territorio | 1 |
| Química física                                 | 1 |
| Química orgánica                               | 1 |

- Aprobar a seguinte relación priorizada para o suposto dunha eventual insuficiencia de candidatos para as bolsas anteriormente asignadas:

| DEPARTAMENTO                                 | Nº BOLSAS |
|--|-----------|
| Química física                               | 1         |
| Química analítica e alimentaria              | 1         |
| Informática (OU)                             | 1         |
| Economía aplicada                            | 1         |
| Comunicación audiovisual e publicidades (PO) | 1         |
| Filoloxía inglesa, francesa e alemá          | 1         |

- Emitir informe favorable á modificación do título de Máster en “Estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións”.
- Aprobar as tarifas dos servizos deportivos da Universidade de Vigo para o curso 2018/2019.
- A asignación de retribucións adicionais relativas aos complementos de recoñecemento por cargos de xestión, da excelencia curricular docente e investigadora e ao labor docente e investigador, ao profesorado da Universidade de Vigo (convocatoria 2017).

## **DISTRIBUCIÓN E TAXAS APROBADAS DE TÍTULOS PROPIOS E CURSOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2018/2019**

Nas sesións do 27 de marzo, 24 de maio, 26 de xuño e 10 de outubro, e no Pleno do 30 de novembro, aprobáronse as seguintes propostas conforme o artigo 81.3 da LOU:

### **CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA CAMPUS DE VIGO**

- Aportacións e beneficios da xenética para a humanidade. Que debo saber?
- Enfrontarse ás urxencias cardiovasculares
- Patrimonio do Bierzo (VII). Estudando o pasado, construíndo o futuro
- Termalismo: Limos mariños
- Xestión de explotacións acuícolas

### **CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA CAMPUS DE PONTEVEDRA**

- Ensinar ciencias con robótica, programación e producción de contidos multimedia para encerado dixital
- Estratexias para a prevención e recuperación de lesións na actividade física e o deporte
- Facendo físico o intanxible: Introdución á impresión dixital tridimensional
- Aplicacións da neuroeducación na escola

### **CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA CAMPUS DE OURENSE**

- Parentalidade positiva e mediación familiar
- Experto en prototipado con ferramentas 4.0: proxectos robóticos, electrónicos e microinformáticos
- Retos e perspectivas para a conservación do medio ambiente no S. XXI
- A narrativa audiovisual do presente: vieiros, formatos, pantallas
- Educación da voz e do discurso. Pedagogía para unha comunicación eficaz
- Turismo de benestar baseado na cultura da produción tradicional do viño, da cervexa e da sidra

## CURSOS COMPLEMENTARIOS:

|           |   |                    |
|-----------|---|--------------------|
| I Curso   | complementario en “Comunicación e protocolo XVIII. Xornadas internacionais de comunicación institucional e imaxe pública”   | 0 €                |
| IV Curso  | complementario en “Técnicas manipulativas nas extremidades”   | 166 €              |
| III Curso | complementario en “Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS”  | 290 €              |
| I Curso   | complementario en “Introdución aos sistemas aéreos non tripulados”  | 30 €               |
| I Curso   | complementario en “Instalación, configuración e xestión de máquinas virtuais con VMWARE e REDHAT”: <ul style="list-style-type: none"><li>• Alumnos da Universidade de Vigo</li><li>• Resto de alumnos</li></ul> | 100 €<br>160 €     |
| I Curso   | complementario en “Atención educativa da discapacidade auditiva: mellora da práctica da lingua de signos”   | 25 €               |
| VI Curso  | complementario en “Organización e desenvolvemento de eventos deportivos: as claves do éxito”: <ul style="list-style-type: none"><li>• Alumnos da Universidade de Vigo</li><li>• Resto de alumnos</li></ul>      | 26,32 €<br>51,58 € |
| II Curso  | complementario en “Valoración e tratamiento da rexión cervical e a súa relación cráneo-mandibular (ATM)”  | 208 €              |
| II Curso  | complementario en “Deseño de aplicacións para dirección de operacións con Office Access”  | 120 €              |
| V Curso   | complementario en “Tratamento conservador da síndrome da dor miofascial, nivel básico”  | 83 €               |
| III Curso | complementario en “Pilates en mat para fisioterapeutas”   | 249,50 €           |

## CURSOS DE FORMACIÓN

|            |   |          |
|------------|---|----------|
| III Curso  | de Formación en "Deseño de sistemas encaixados en FPGAS con XILINX VIVADO"  | 124,80 € |
| XIII Curso | de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"  | 240 €    |
| VII Curso  | de formación en "Control estatístico de calidade con "R""   | 125 €    |
| XIV Curso  | de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"  | 240 €    |
| V Curso    | de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"   | 125 €    |
| V Curso    | de formación en "Introdución á programación en PYTHON"  | 200 €    |
| III Curso  | de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"   | 195 €    |
| I Curso    | de formación de "Mestres Composteiros"  | 0 €      |
| IV Curso   | de formación en "Programación Java"   | 195 €    |
| XV Curso   | de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"   | 360 €    |
| XVI Curso  | de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"   | 360 €    |
| XIV Curso  | de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial"  | 90 €     |
| IV Curso   | de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"   | 195 €    |
| VIII Curso | de formación en "Estatística con "R" para investigadores"   | 125 €    |
| VI Curso   | de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"  | 125 €    |
| XVI Curso  | de formación en "Introdución á bolsa":  |          |
|            | • Alumnos Non UVigo   | 120 €    |
|            | • Alumnos UVigo (que non sexan de Grao)   | 107 €    |
|            | • Alumnos UVigo (estudos de Grao)   | 100 €    |
| I Curso    | de formación en "Javascript para aplicacíons web e móbiles"   | 195 €    |
| I Curso    | de formación en "Industria conectada 4.0: transformación dixital e novos modelos produtivos para a fábrica do futuro" | 208 €    |
| I Curso    | de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"  | 50 €     |

|          |  |          |
|----------|--|----------|
| I Curso  | de formación en “Modeling dynamics of populations in a changing world”     | 80 €     |
| V Curso  | de formación en “Didáctica da ficción e creación literaria”                | 70 €     |
| I Curso  | de formación en “Adestramento deportivo de alto rendemento”                | 130 €    |
| IV Curso | de formación en “Deseño de sistemas encaixados en FPGAS con XILINX VIVADO” | 124,80 € |

## CURSOS DE ESPECIALISTA

|         |  |         |
|---------|--|---------|
| V Curso | de Especialista en “Dirección de loxística e producción”   | 1.375 € |
|         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• V Curso complementario en “O sistema loxístico e a cadea de subministración: estratexia e planificación”</li> <li>• V Curso complementario en “O deseño loxístico do envase e embalaxe”</li> <li>• V Curso complementario en “Custos loxísticos e servizo ao cliente. Indicadores de xestión”</li> <li>• V Curso complementario en “Xestión avanzada da calidade. Estratexias de excelencia”</li> <li>• V Curso complementario en “O papel das persoas. O factor humano na implantación. Liderado e sistemas de participación”</li> <li>• V Curso complementario en “A mellora continua na dirección de loxística e producción. O modelo “Lean Manufacturing”</li> <li>• V Curso complementario en “Dirección de compras e stocks”</li> <li>• V Curso complementario en “Sistemas de información para a loxística e a producción”</li> <li>• V Curso complementario en “O deseño e a xestión dos almacéns”</li> <li>• V Curso complementario en “A xestión do transporte na cadea de subministración”</li> <li>• V Curso complementario en “Sistemas de xestión no contexto loxístico-produtivo: calidade, seguridade, saúde laboral, medioambiente e continuidade de negocio”</li> <li>• V Curso complementario en “Tendencias na loxística e a producción”</li> </ul> |         |

|         |  |         |
|---------|--|---------|
| I Curso | de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo":                    |         |
|         | • Alumnos de Máster e Doutoramento   | 600 €   |
|         | • Resto alumnos  | 1.200 € |
| I Curso | de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar" | 700 €   |
| I Curso | de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"                  | 900 €   |

## CURSOS DE ESPECIALISTA

|            |   |         |
|------------|---|---------|
| XVII Curso | de Máster/Especialista en "Auditoría e contabilidade" | 3.500 € |
|------------|---|---------|

## COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva aprobou durante o ano 2018 as taxas de 39 cursos (7 menos que no ano anterior) impartidos pola Universidade de Vigo para a obtención de títulos propios de Posgrao ou para ensinanzas de formación. Neste resumo, elaborado pola Secretaría do Consello Social, pódese observar a incidencia que os cursos tiveron en cada un dos Campus, así como a distribución por ámbitos de ensinanza, destacando o predominio dos cursos

de formación. No que á porcentaxe se refire, por ámbito, o humanístico e o xurídico-social mantéñense na liña do ano anterior, o científico experimenta un incremento importante e o tecnolóxico un descenso considerable, e por Campus observase o crecemento no Campus de Pontevedra, un lixeiro descenso no Campus de Vigo, e unha maior baixada no Campus de Ourense.

## OS CURSOS, POR TIPOS\*

| Complementarios | Formación | Especialista | Máster/Espec. | Máster |
|-----------------|-----------|--------------|---------------|--------|
| 11 (18)         | 23 (25)   | 4 (0)        | 1 (3)         | 0 (0)  |
| 28,21%          | 58,97%    | 10,26%       | 2,56%         | 0 %    |
| (39,13%)        | (54,35%)  | (0%)         | (6,52%)       | (0%)   |

## OS CURSOS, POR ÁMBITOS\*

| Científico | Humanístico | Tecnolóxico | Xurídico-Social |
|------------|-------------|-------------|-----------------|
| 4 (13)     | 4 (8)       | 26 (43)     | 13 (24)         |
| 6,52%      | 8,70%       | 56,52%      | 28,26%          |
| (5,06%)    | (10,13%)    | (54,43%)    | (30,38%)        |



Vista principal da Facultade de Fisioterapia, no Campus de Pontevedra.

## OS CURSOS, POR CAMPUS\*

| Ourense | Pontevedra | Vigo     |
|---------|------------|----------|
| 9 (4)   | 3 (10)     | 34 (65)  |
| 19,57%  | 6,52%      | 73,91%   |
| (5,06%) | (12,66%)   | (82,28%) |

\* As cifras que aparecen entre as parénteses amosan os datos de 2017.

# MEMORIAS FINAIS RECIBIDAS

## FORON RECIBIDAS AS MEMORIAS FINAIS DOS SEGUINTES CURSOS DE POSGRAO

|                           |  |
|---------------------------|--|
| I Curso complementario    | “Planificación e seguimento de proxectos con Microsoft Project”  |
| I Curso complementario    | “Robots colaborativos “Universal Robots”: Fundamentos de programación, configuración e xestión dos sistemas de seguridade” |
| IV Curso de formación     | “Introdución á programación en PYTHON”   |
| VI Curso de formación     | “Control estatístico de calidade con “R””  |
| IV Curso de Especialista  | “Estatística avanzada con “R” para profesionais da saúdes”   |
| III Curso complementario  | “Control estatístico de calidade con “R””  |
| XII Curso de Formación    | “Catia V5: Módulos CAD-DMU-CAE-CAM”  |
| III Curso de Formación    | “Técnicas manipulativas nas extremidades”  |
| V Curso complementario    | “Inclusión educativa da discapacidade auditiva: práctica da lingua de signos”  |
| III Curso de especialista | “Dobraxe”  |
| III Curso de formación    | “Deseño, programación e administración de bases de datos”  |
| III Curso de formación    | “Programación Java”  |
| I Curso de formación      | “Deseño web”   |
| XIII Curso de formación   | “Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM”  |
| XIV Curso de formación    | “Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM”  |
| III Curso de formación    | “Análise avanzada da información (Microsoft Excel)”  |
| I Curso de formación      | “Enxeñaría no sector aeronáutico: das tecnoloxías de deseño á xestión do mantemento”                                       |

|                           |   |
|---------------------------|---|
| I Curso complementario    | "Valoración e tratamento da rexión cervical e a súa relación cráneo-mandibular (ATM)" |
| IV Curso complementario   | "Ferramentas de tradución profesional"  |
| I Curso complementario    | "Introdución á programación na linguaxe C e aplicacións sobre a plataforma ARDUINO"   |
| XV Curso de Especialista  | "Auditoría e contabilidade"   |
| VII Curso de formación    | "Estatística con "R" para investigadores"   |
| V Curso de formación      | "Estatística con "R" para profesionais da saúde"                                      |
| XV Curso de formación     | "Iniciación ao AUTOCAD"   |
| II Curso complementario   | "Fundamentos de cálculo técnico e científico con MATLAB"                              |
| XV Curso complementario   | "Introdución á bolsa"   |
| III Curso de Especialista | "Dirección de loxística e producción"   |
| VI Curso complementario   | "Organización e desenvolvemento de eventos deportivos: as claves do éxito"            |
| IV Curso complementario   | "Tratamento conservador da síndrome da dor miofascial, nivel básico"                  |
| XVII Curso complementario | "Iniciación ao Autocad"   |
| VI Curso complementario   | "Nivel medio de Autocad"  |
| II Curso complementario   | "Pilates en mat para fisioterapeutas"   |
| IV Curso de formación     | "Didáctica da ficción e creación literaria"   |
| I Curso de formación      | "Advanced trading"  |

# COMISIÓN ECONÓMICA

## PRINCIPALES ACORDOS ADOPTADOS

A Comisión Económica reuniese ao longo do ano 2018 en tres ocasións, no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 27 de febreiro, o 30 de maio e o 11 de decembro.

### ACORDOS

- Darse por informada do estado de contratación da auditoría e memorando de recomendacións das contas anuais da Universidade de Vigo (exercicios 2017 e 2018).
- Informar favorablemente ao Pleno da liquidación do orzamento de ingresos e gastos da Universidade de Vigo. Informe de execución orzamentaria anual.
- Darse por informada do control sobre a normativa de cesión de espazos universitarios. Informe ao Consello Social sobre as dispensas de pago acordadas dende a Xerencia (acordo de 29 de xuño de 2017).
- Darse por informada sobre o estado de aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre “Legalidade dos procede-mentos e as ferramentas informáticas na xestión económica do gasto, e validez na xustificación das axuda externas”.
- Informar favorablemente e dar conta ao Pleno, para a creación das empresas Alén Space, S.L. e Biofast, como Spin-off de base tecnolóxica da Universidade de Vigo, e para a participación no seu capital social e contraprestacións que resulten aplicables.
- Autorizar a asignación de complementos a unha profesora en recoñecemento polos cargos de xestión, consonte avaliación aprobada pola ACSUG. Convocatoria 2016.
- Darse por informada dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de decembro de 2017 e xaneiro de 2018, e dar conta ao Pleno.

- Elevar informe favorable ao Pleno, da conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2017.
  - Elevar informe favorable, para aprobación do Pleno, das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI), de 2017.
  - Elevar informe favorable, para aprobación do Pleno, das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA), de 2017.
  - Elevar informe favorable, para aprobación do Pleno, das contas anuais e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI), de 2017.
  - Dar a súa conformidade ás solicitudes de incorporación de diferentes importes, con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2017.
  - Aprobar a operación de transferencia de gasto de capital a gasto corrente, da Cátedra José Saramago.
  - Informar favorablemente ao Pleno, sobre o teito de gasto anual da Universidade de Vigo para o exercicio 2019, consonte o disposto no Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril.
  - Elevar ao Pleno informe favorable para a aprobación da proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2019 e solicitar un infor-
- me xurídico que avale a legalidade do abono ao PDI das partes pendentes das pagas extras de anos anteriores.
- Dar conta ao Pleno do informe da previsión de cumprimento pola Universidade de Vigo da elaboración da liquidación do orzamento antes do 1 de marzo de 2019, consonte o Real Decreto Lei 14/2012.
  - Emitir informe previo favorable, para a creación das empresas Ancora e EM3W, como empresas de base tecnolóxica da Universidade de Vigo, e á autorización para a participación no seu capital social, e as contraprestacións aplicables.
  - Emitir informe favorable sobre a proposta de modificación do capital social da empresa de base tecnolóxica "Alen Space" e a participación da Universidade de Vigo.
  - Aprobar a proposta dun novo ámbito universitario para a realización dun informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas.
  - Darse por informada dos convenios asinados pola UVigo en outubro e novembro, e dar conta ao Pleno.
  - Aprobar a aceptación das doazóns á Universidade de Vigo, do cadro "Retrato de Ramón María del Valle-Inclán", polo pintor Alejandro Cabeza, e de equipos de investigación da empresa Endesa, S.L.

# ACTIVIDADES E SERVIZOS

## PRINCIPALES ACORDOS ADOPTADOS

A Comisión de Actividades e Servizos reuniuse no ano 2018 en seis ocasións no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 21 de febreiro, o 22 de marzo, o 9 de maio, o 6 de setembro, o 11 de outubro e o 20 de novembro.

- Aprobar unha axuda para o patrocinio da cuarta edición do “Estudo da confianza e percepción dos estudiantes da Universidade de Vigo sobre a súa empregabilidade” cursos académicos 2014/15 a 2017/18, así como para a impresión do traballo.
- Aprobar o patrocinio das publicacións, en galego e castelán, co informe final de resultados e conclusiones do Observatorio de Egresados, baixo o título “Estudo sobre a situación laboral e profesional dos titulados na Universidade de Vigo dende a súa creación. (1991-2015)”.
- Conceder provisionalmente unha axuda á ONG Helsinki España para a organización dun proxecto de voluntariado universitario sobre dereitos humanos, a desenvolver en centros escolares durante 2018.
- Conceder unha axuda para a organización da VII edición do Salón EDUGAL.
- Conceder unha axuda para a organización, difusión, documentación e publicacións dunha xornada científica en Vigo sobre “A ciencia e o mar: sostibilidade e desenvolvemento”, a proposta da Asociación Alexander von Humboldt en España.
- Aprobar unha axuda para a organización da “IX Olimpíada Galega de Economía” a celebrar na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense.
- Aprobar unha axuda para a organización da carreira “HappyGoRunning” no Campus de Vigo.
- Conceder unha axuda para gastos de stands, revistas, trípticos e displays, do XVIII Foro Tecnológico de Emprego da Universidade de Vigo, promovido pola Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial.
- Aprobar unha axuda para a organización da I Olimpíada provincial de Historia “Fai Historia con nós”, a celebrar na Facultade de Historia do campus de Ourense.

- Aprobar unha axuda para a organización da “I Xornada sobre Muller e proceso”, prevista no campus de Ourense.
- Conceder unha axuda para apoiar a participación do equipo UVigo Motorsport na competición interuniversitaria europea de Fórmula Student.
- Conceder a dotación do “Premio á innovación social”, dentro do evento “Hack For Good 2018” promovido pola Cátedra Telefónica.
- Aprobar unha axuda para a edición de cen unidades, en formato de memoria USB, do estudio dos Egresados da Universidade de Vigo.
- Aprobar a distribución das axudas, dentro do Plan de apoio a titulacións con dificultades para realizar os Prácticums, para os seguintes centros:
  - Escola Universitaria de Estudos Empresariais
  - ESDEMGA (Estudos de Deseño Téxtil e Moda de Galicia)
  - Facultade de Bioloxía
  - Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
  - Facultade de Ciencias do Mar
  - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
  - Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
  - Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
  - Facultade de Dereito
  - Facultade de Filoloxía e Tradución
  - Facultade de Historia
- Aprobar unha asignación económica para a organización e patrocinio das “V Xornadas de Fundraising e Mecenado” promovidas polo Consello Social en colaboración coa Reitoría da Universidade de Vigo.
- Aprobar a colaboración cunha nova edición das Bolsas “Ourense Exterior” para o curso 2018/2019.
- Aprobar unha axuda para a organización do XIII Congreso da Asociación española de estudos literarios hispanoamericanos”.
- Conceder unha axuda para a organización do “II Congreso Euroamericano de Dereito e Política”, a celebrar no Campus de Ourense.
- Aprobar unha axuda para a organización en Vigo, por encargo da CRUE, das XXIII Xornadas de Secretarías xerais das universidades españolas.
- Aprobar unha axuda para o desenvolvemento en Pontevedra do espazo urbano para emprendedores “Pont Up Store 2018”.
- Informar favorablemente ao Pleno sobre o acordo de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI), para o exercicio 2018.
- Aprobar a elaboración e distribución de carpetas-guías para o alumnado que se matricule na Universidade de Vigo por primeira vez no curso académico 2018/2019 e para o alumnado extranxero e do Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españoles, co obxectivo de contribuír ao proceso de acollida e orientación dos estudiantes de novo ingreso.
- Aprobar unha axuda para a organización das actividades previstas pola Asociación de “Aulas de Formación Aberta”, alumnos do programa de maiores da Universidade de Vigo, para levar a cabo proxectos iniciados no curso 2017/2018.
- Aprobar unha axuda para a organización en Vigo da LXVI Conferencia Española de Decanos de Bioloxía.


- Aprobar unha axuda para a edición de 500 exemplares da revista “Tres Campus”.
  - Aprobar unha axuda para a organización polo grupo de investigación HI19 da Universidade de Vigo, da International Conference “Modelling the linguistic architecture of English: theories and methods”.
  - Conceder unha axuda para a organización do I congreso internacional de innovación docente: a ensinanza do Dereito a debate.
  - Conceder unha axuda para o VI ciclo de conferencias de Dereito Concursal, organizado pola ÁREA de Dereito Mercantil da Universidade de Vigo.
  - Colaborar na organización do XXIX congreso de estudos de Telecomunicación, organizado pola Delegación de Alumnos da escola.
  - Aprobar unha axuda extraordinaria para visibilizar a presenza do Consello Social na “Pont Up Store 2018”.
  - Aprobar o re-deseño e renovación da páxina web do Consello Social, e unha aportación mensual para a actualización de contidos e mantemento.
  - Aprobar unha aportación económica para a execución dos traballos da última fase do Observatorio de Egresados da Universidade de Vigo, consistente na creación dun sistema de xestión da Base de datos das persoas tituladas dende 1995 ata 2015.
  - Propoñer a seguinte reasignación definitiva e unha lista de agarda complementaria por orde de prioridade, das bolsas-colaboración concedidas á Universidade de Vigo polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o curso 2018/2019, vista a información aportada pola Sección de Bolsas, co obxectivo de atender ao maior número de departamentos.
- **Reasignación definitiva:**

| <b>DEPARTAMENTO</b>                                       | <b>Nº BOLSAS</b> |
|---|------------------|
| Historia, arte e xeografía                                | 1                |
| Didácticas especiais                                      | 2                |
| Economía financeira e contabilidade                       | 1                |
| Análise e intervención psicosocioeducativa                | 1                |
| Biología funcional e ciencias da saúde                    | 1                |
| Biología vexetal e ciencias do solo                       | 1                |
| Bioquímica, xenética e inmunoloxía                        | 1                |
| Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos | 1                |
| Enxeñaría química   | 1                |

| LISTA AGARDA   | Nº BECAS |
|--|----------|
| Bioquímica, xenética e inmunoloxía   | 1        |
| Bioloxía vexetal e ciencias do solo  | 1        |
| Enxeñaría química  | 1        |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conceder unha axuda para a organización da “Feira Internacional de emprego universitario Vigo-Porto”, e para os lanyards ou cintas das acreditacións nas dúas sedes, co patrocinio exclusivo do Consello Social.</li> <li>• Conceder unha axuda para a “I Conferencia internacional de videoxogos e publicidade: comunicación e persuasión”, a desenvolver en Pontevedra.</li> <li>• Aprobar unha axuda para a organización das “III Xornadas Técnicas 2018 da Asociación de Empresarios da Mediana e Pequena Empresa de Pontevedra - AEMPE”.</li> <li>• Aprobar unha axuda para a impresión do catálogo “Do final e do comezo 2018”, con traballos de graduados e graduadas en Belas Artes.</li> <li>• Aprobar unha axuda para a organización da Gala do deporte 2018 da Universidade de Vigo.</li> <li>• Aprobar unha axuda para a Asociación de “Aulas de Formación Aberta”, alumnos do programa de maiores da Universidade de Vigo, para levar a cabo proxectos e actividades no curso 2018/2019.</li> <li>• Aprobar unha axuda para a presentación do libro do profesor Fernando Ramos “Libertad de expresión y daños a la Corona”.</li> </ul> |          |

# **ORZAMENTOS: EXERCICIO 2018**

**EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO CONSELLO SOCIAL**



Edificio Miralles no Campus de Vigo, sede do Concello Social.

#### **CRÉDITO INICIAL**

Modificaciones positivas  
Modificaciones negativas

**367.850 €**

48.032,09 €  
-1.671,34 €

#### **CRÉDITO DEFINITIVO**

Saldo Obrigacións/pagos  
Saldo Comprometido  
Crédito Retido

303.191,62 €  
21.499,00 €  
5.833,03 €

#### **CRÉDITO DISPOÑIBLE**

83.687,10 €

#### **EXECUCIÓN DO ORZAMENTO**

**330.523,65 €**

Execución sobre o crédito inicial

\* 79,7 % \*

# REUNIÓNS E COMPARRECENCIAS

## CONVOCATORIAS OFICIAIS. CONFERENCIA CONSELLOS SOCIAIS.

### ENCONTRO DOS CONSELLOS SOCIAIS E O TRIBUNAL DE CONTAS EN OVIEDO

O presidente e o secretario do Consello Social de Oviedo, Ladislao Azcona e Ignacio Villaverde, convocaron o 20 de marzo unhas xornadas de traballo sobre a Lei de contratos do sector público, ás que asistiu Ernesto Pedrosa Silva. Tras o acto de apertura no que participaron o presidente do Principado, Javier Fernández, e o presidente do Tribunal de Contas, Ramón Alvarez de Miranda, intervireron distintos expertos para falar de:

- La transparencia como fundamento de la gestión pública.
- La transparencia en la gestión económica de las Universidades públicas.
- Consideraciones sobre el papel de las fundaciones universitarias y su control.
- El control de las fundaciones universitarias y otros entes dependientes.

## XORNADAS TÉCNICA EN MADRID

O 17 de xullo desenvolveuse a xornada sobre a Lei de contratos do sector público, organizada pola Conferencia de Consellos Sociais a través da súa Comisión Económica, á que asistiu Ernesto Pedrosa Silva.

- Entre outros interviron José María Gimeno Feliu, Catedrático de Dereito Administrativo da Universidad de Zaragoza e director do Observatorio de Contratación Pública, presentado por Javier Cepedano Valdeón, presidente da Comisión Económica da CCS y Presidente do Consejo Social da Universidad de León, para abordar as principais

principales características da nova lei de contratos; procedimentos de contratación, tipos de contratos, contrato menor, contratación electrónica, etc., ademáis de presentar casos prácticos da Lei de contratos do sector público e de definir o concepto de órgano de contratación.



Ernesto Pedrosa e Ignacio Rodríguez durante unha das sesións.



Vista xeral das Xornadas celebradas en Gran Canaria

## ENCONTRO DA CONFERENCIA (CCS) EN GRAN CANARIA

O presidente, Ernesto Pedrosa, e o secretario, Ignacio Rodríguez, asistiron entre o 7 e o 9 de novembro as xornadas anuais organizadas pola Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas, en Las Palmas de Gran Canaria.

- O programa centrouse en “Los retos inaplazables del sistema universitario español: nueva gobernanza, reputación, internacionalización y Compliance”.
- O encontro foi inaugurado polo presidente do Goberno de Canarias, Fernando Clavijo, e contou na intervención de apertura de José Manuel Pingarrón Carrazón, secretario general de Universidades do Ministerio de Ciencia, innovación y universidades

para falar sobre os “Retos inmediatos a afrontar en materia de educación superior en España”.

- Sobre “Valoración del impacto de las reformas de las estructuras de gobierno en la excelencia de las universidades europeas a partir de la experiencia danesa” falou o Rector da Universidad de Aarhus (2005-2013) de Dinamarca, e exvicepresidente da Asociación Europea de Universidades Mr. Lauritz B. Holm-Nielsen.

- Outros asuntos expostos trataron sobre “Las reformas estructurales realizadas en los sistemas universitarios europeos”, “Reflexiones sobre el sistema universitario alemán. La distribución de competencias entre el gobierno federal y las regiones”, “La reforma del sistema universitario portugués”, “Las reformas estructurales en los Sistemas Universitarios Europeos”, “Construyendo la reputación de las universidades”, “Internacionalización de las universidades” y “Compliance en el ámbito de la educación superior”. O peche estivo a cargo do presidente da CRUE, Roberto Fernández, que falou sobre “Los retos inaplazables del sistema universitario español”.
- Paralelamente conformáronse distintos grupos de discusión simultáneos, sobre goberno e xestión da Universidade, financiación pública e privada da universidade española, e sobre transparencia e rendición de contas no ámbito da educación superior. Como remate foi presentado o Balance do estudio realizado pola Cámara de España, a Fundación CYD e a Conferencia de Consejos Sociales das Universidades Españolas.

## ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN CCSU

O presidente, Ernesto Pedrosa Silva, e o secretario, Ignacio Rodríguez Iglesias, asistiron reunión da Asemblea Xeral da Asociación Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas, o 8 de novembro en Gran Canaria, na que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

- Presentación do estudio “Una aproximación ós Sistemas de Financiación das Universidades Públicas Españolas” encargado pola Conferencia.
- Presentación e aprobación do orzamento da Conferencia para o ejercicio económico 2019.
- Aprobación do “Manifiesto de Maspalomas” para a súa difusión pública.
- Suscrición dun convenio marco de colaboración entre a Conferencia e a Confederación Española de Organizaciones Empresariales (CEOE).

## ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN

Ernesto Pedrosa Silva, asistiu ás seguintes reunións das comisións da Conferencia de Consos Sociales de España, para tratar asuntos de competencias:

### Comisión de Transferencia e Relacións coa Sociedade

- O 19 de febreiro en Madrid, para analizar a “Cooperación con REDFUE sobre los “retos de la industria 4.0 en las universidades españolas: el futuro de los universitarios” e “Agenda de actividades y objetivos 2018”.

### Comisión académica

- Reunida o **12 de abril** en Madrid, ocupouse da “Presentación del estudio Normas de Progreso y Permanencia: unaperspectiva global encargado por la Conferencia” e do “Plan de acciones de la Comisión Académica de la Conferencia para 2018.

## Comisión Económica

- Os días **13 de abril e 12 de xuño**, en sendas reunións convocadas Madrid, tratouse sobre “Informe sobre el cierre presupuestario de la Conferencia correspondiente al ejercicio económico 2017”, “Presentación de las Jornadas sobre Control Interno de las Universidades”, “Plan de acciones de la Comisión Económica de la Conferencia para 2018”, “Presentación del Presupuesto de la Conferencia de Consejos Sociales para el ejercicio económico 2018”.
- Na segunda, os asuntos tratados foron un “Informe sobre las Cuentas Anuales de la Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas correspondiente al ejercicio económico 2017” e a “Presentación de las próximas Jornadas a organizar por la Comisión Económica: jornada sobre la Ley de Contratos del Sector Público y jornada sobre el Control Interno de las Universidades”.

## XORNADAS TÉCNICAS DE SECRETARIOS

O encontro técnico que cada ano convoca ós secretarios dos Consellos Sociais de España levouse a cabo o 15 de febrero en Albacete, na Escola internacional de Doctorado da Universidade de Castilla-La Mancha. Durante as sesións, as que asistiu o secretario do Consello Social de Vigo, Ignacio Rodríguez, estruturáronse diferentes sesións para abordar as competencias dos Consellos Sociais, o réxime de delegación do Pleno en comisión executivas e sectoriais, e o réxime de concesión de premios.

A segunda xornada principiou cunha mesa redonda sobre “El papel de los Consejos Sociales en la definición de la oferta académica de las universidades”, e

concluíu cas intervencións do Reitor da UCLM, o consejero de Educación, Cultura e Deportes e o presidente do Consello Social da UCLM, Emilio Ontiveros.



Asistentes as xornadas ante a Escola de Doctorado de Albacete.

## CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

O Ernesto Pedrosa Silva asistiu a dúassesiós do Pleno do Consello Galego de Universidades, en Santiago de Compostela, nas que se abordaron, entre outros asuntos, os que seguen:

### 28 de maio

- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2018/2019. Informe sobre autorización de implantación nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo das ensinanzas universitarias oficiais de grao, más-

ter universitario e doutoramento, para o curso 2018/2019. Informe sobre designación de representante das universidades públicas de Galicia nos seguintes órganos colexiados: Axencia Galega de Innovación, Consello da Cultura Galega, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia,

Información sobre a composición do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, Información sobre

#### 10 de decembro

- Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado, Informe da conselleira ao Consello Galego de Universidades, Información sobre as titulacións presentadas na SXU para envío a verificación, Informe sobre a revogación de: Titulacións de grao, máster universitario e programa oficial de douto-

ramento na Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e sobre Programas oficiais de doutoramento nas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, que iniciaron o proceso de extinción no curso 2013/2014. Información sobre os Estatutos da Universidade de Vigo.

#### AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

- Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu a dúas reunións do Consello de Dirección da ACGUS nas, en Santiago de Compostela, os días **23 de xullo e 17 de decembro**, nas que se traotou, entre outros asuntos, sobre constitución do Consello Reitor de ACSUG, nomeamento da persoa titular da Secretaría do Consello Reitor, situación do ca-dro de persoal de ACSUG, convenios de ACSUG con outras institucións, asuntos económicos, in-

demnizacións por preparación e asistencia ás reunións dos órganos colexiados de ACSUG, resumo do Sistema de Xestión de ACSUG do pri-meiro semestre de 2018, obxectivos de Calidade e Medio Ambiente 2018, informe Autoavalia-ción de ACSUG para o proceso de avaliación de ENQA, planificación actividades ACSUG 2019 e resumo Sistema Xestión Interno ACSUG 2º se-mestre 2018.

#### PADROADO DA FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO - FUVI

Ernesto Pedrosa Silva asistiu ás seguintes xuntanzas do Padroado da Fundación da Universidade de Vigo:

#### 18 de abril

- Aprobación, se procede, das Contas Anuais de 2017. Informe da dirección: informe do Centro de Linguas, de xestión e actividade. Informe, e

validación no seu caso, de actuacións en materia laboral da FUVI: informe de xestión; obxectivos anuais da dirección da Fundación.

#### 16 de xullo

- Reunión de constitución. Cese patróns da Funda-ción Universidade de Vigo pola perda da súa con-dición como patróns natos. Aceptación de novos patróns natos da Fundación Universidade de Vigo

nos termos establecidos nos Estatutos da Funda-ción. Informe da dirección. Aprobación, se proce-de, da proposta de outorgamento e delegación de poderes da Fundación.

## **2 de outubro**

- Informe da dirección: informe económico; comunicación do protectorado CCAA; informe de

xestión e actividade. Informe, e validación no seu caso, de actuacións en materia laboral da FUVI.

## **18 de decembro**

- Informe da dirección (económico e de xestión), e avance da memoria de actividades 2018. Informe e aprobación no seu caso, de actuacións en mate-

ria de xestión de persoal (contratos laborais, listas de agarda). Aprobación, se procede, do Plan de actuación e orzamento da Fundación de 2019.

## **CIDADE UNIVERSITARIA, S.A. - CUSA**

Ernesto Pedrosa Silva, asistiu ás seguintes xuntanzas de Cidade Universitaria, na sede do Campus de Vigo:

## **24 de maio**

- **Xunta xeral de accionistas.** Ratificación da constitución da Xunta Xeral Ordinaria e designación do Presidente e Secretario da mesma. Aprobación ou censura das Contas Anuais correspondentes ao exercicio pechado a 31 de decembro do 2017. Aprobación, no seu caso, da proposta de aplicación do resultado do exercicio pechado a 31 de decembro de 2017. Aprobación ou censura da xestión social no exercicio pechado a 31 de decembro de 2017, así como do Informe de Xestión correspondente a dito exercicio. Aprobación ou

- A distribución das mostras utilizadas nos estudos dos cursos académicos 2014/15 e 2017/18 segundo a rama de ensino aproxímase á da poboación da Universidade de Vigo. Así, son estudiantes de Artes e Humanidades o 9,44% e o 7,06% en 2014/15 e 2017/18, respectivamente; de Ciencias, o 7,23% e o 8,31%, respectivamente; de Ciencias Sociais e Xurídicas o 53,31% e o 45,64%, respectivamente; de Enxeñaría e Arquitectura o 22,06% e o 26,52%, respectivamente e; de Ciencias da Saúde, o 7,96% e o 12,47%, respectivamente.
- No campus de Vigo recóllese a gran maioría das respostas dos estudiantes das ramas de Ciencias (86,44% en 2014/15 e 93,00% en 2017/18) e de Enxeñaría e Arquitectura (86,11% e 78,06%, respectivamente). Pola súa banda, no campus de Pontevedra obtéñense porcentaxes de resposta importantes dos estudiantes de Artes e Humanidades (55,84% en 2014/15 e 36,47% en 2017/18), de Ciencias da Saúde (35,39% e 48,31%, respectivamente) e de Ciencias Sociais e Xurídicas (29,42% e 33,88%, respectivamente). No campus de Ourense as ramas que teñen as maiores porcentaxes de participación son Ciencias Sociais e Xurídicas (21,61% en 2014/15 e 32,60% en 2017/18) e Ciencias da Saúde (16,92% e 22,67%, respectivamente).

#### **5.1.4. A titulación**

- As titulacións máis representadas na mostra son, no curso 2014/15, Administración e Dirección de Empresas (12,76%), Enxeñaría en Tecnoloxías de Telecomunicación (11,04%), Educación Infantil (8,96%), Educación Primaria (6,87%), Comercio (5,40%), Belas Artes (5,28%) e Enfermaría (5,15%). No curso 2017/18, Enfermaría (8,73%), Administración e Dirección de Empresas (7,73%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (5,74%), Enxeñaría en Tecnoloxías de Telecomunicación (5,24%), Publicidade e Relacións Públicas (4,74%) e Educación Infantil (4,66%). - A información recolleuse no tres campus da Universidade de Vigo para as titulacións de Educación Infantil e de Educación Primaria en ambos cursos e, para Enfermaría no curso 2017/18. Nos campus de Vigo e Ourense para Administración e Dirección de Empresas en ambos cursos, para Enfermaría en 2014/15 e para Dereito en 2017/18. A información do resto de titulacións obtívose nun único campus.

#### **5.1.5. Os anos no grao**

- Segundo o número de anos que os estudiantes levan no grao, no curso 2014/15 o 6,74% faino desde fai menos de 4 anos, o 72,92% desde fai 4 anos e o 20,34% desde fai máis de 4 anos. No curso 2017/18, o 9,56% estuda o grao desde fai menos de 4 anos, o 71,40% desde fai 4 anos e o 19,04% desde fai máis de 4 anos.
- Segundo o xénero, en ambos cursos analizados as porcentaxes de mulleres que levan no grao 4 anos ou máis son moi similares aos dos homes (en 2014/15, o 93,82% de mulleres e o 92,20% de homes; en 2017/18, o 90,63% de mulleres e o 90,21% de homes). Con todo, estas porcentaxes difiren ao comparar os homes e mulleres que levan no grao máis de 4 anos, sendo a porcentaxe para os primeiros máis do dobre que a das segundas (en 2014/15 o 34,04% de homes fronte ao 13,11% de mulleres, e en 2017/18 o 26,74% de homes fronte ao 12,95% de mulleres).
- Segundo a rama de ensino, as porcentaxes de estudiantes que iniciaron os seus estudos de grao fai 4 anos ou menos son similares para ambos cursos analizados. Deste xeito, dos estudiantes da rama de Ciencias da Saúde levan no grao ata 4 anos, o 96,92% en 2014/15 e o 90,66% en 2017/18; dos de Artes e Humanidades, o 92,21% e o 95,30%, respectivamente; dos de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 85,75% e o 90,34%, respectivamente; dos de Ciencias, o 71,19% e o 75,00%, respectivamente; e dos de Enxeñaría e Arquitectura, o 56,11% e o 58,31%, respectivamente.
- Segundo a titulación, levan no grao ata 4 anos máis do 90% dos estudiantes de Tradución e Interpretación (100,00% en 2014/15 e 95,24% en 2017/18), Educación Infantil (95,89% e 100,00%, respectivamente), Enfermaría (95,24% e 93,33%, respectivamente), Publicidade e Relacións Públicas (91,67% e 94,74%, respectivamente), Educación Primaria (91,07% e 92,16%, respectivamente) e Lingua Estranxeira (90,91% e 100,00%, respectivamente). Só en 2014/15 o 100% dos estudiantes dos graos de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e de Fisioterapia, o 94,44% dos de Turismo, o 93,18% dos de Comercio e o 91,67% dos de Enxeñaría da Enerxía. E, en 2017/18, atópanse nesa situación o 100% dos estudiantes de Administración e Dirección de Empresas-Enxeñaría Informática, Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Comunicación Audiovisual, Dirección e Xestión Pública e Economía, o 98,55% dos de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, o 95,56% dos de Educación Social, o 93,55% dos de Belas Artes, o 92,00% dos de Traballo Social e o 91,67% dos de Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- Por outra banda, nos dous cursos académicos levan no grao máis de 4 anos unha porcentaxe superior á metade dos estudiantes dos graos en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (71,43% en 2014/15 e 64,29% en 2017/18) e en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (66,67% e 50%, respectivamente). No curso 2014/15, o 69,23% dos estudan-

tes de Enxearía en Tecnoloxías Industriais e o 50% dos de Enxearía Mecánica. E, no curso 2017/18, o 57,89% dos estudiantes de Enxearía Eléctrica, o 53,97% dos de Enxearía en Tecnoloxías de Telecomunicación e o 50% dos de Ciencias Ambientais.

#### **5.1.6. A situación laboral actual**

- En ambos cursos académicos a porcentaxe de estudiantes que se dedican dun modo exclusivo aos seus estudos é moi similar (81,37%, en 2014/15 e 80,13%, en 2017/18). O resto desempeñan, ademais, un traballo.
- Tamén é semellante a situación dos estudiantes en ambos cursos académicos ao considerar a súa idade. Dos estudiantes de menos de 26 anos traballan á vez que estudan o 14,40% no curso 2014/15 e o 15,72% no 2017/18. Estas porcentaxes para o tramo de idade que vai desde os 26 ata os 30 anos son do 31,53% e 38,74%, respectivamente, e para os estudiantes de máis de 30 anos do 50,00% e 65,31%, respectivamente.
- En canto ás ramas de ensino, en 2014/15 estudan e traballan o 25,00% dos estudiantes de Enxearía e Arquitectura, o 19,48% dos de Artes e Humanidades, o 18,87% dos de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 9,23% dos de Ciencias da Saúde e o 6,90% dos de Ciencias. No curso 2017/18 compatibilizan os seus estudos cun traballo o 24,95% dos estudiantes de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 16,61% dos de Enxearía e Arquitectura, o 16,00% dos de Ciencias, o 14,67% dos de Ciencias da Saúde e o 12,94% dos de Artes e Humanidades.
- Segundo a titulación que cursan, para os dous cursos analizados compatibilizan un traballo cos seus estudos o 25% ou máis dos estudiantes de Enxearía Forestal (77,78% en 2014/15 e 39,13% en 2017/18), Enxearía Eléctrica (33,33% e 26,32%, respectivamente), Enxearía en Tecnoloxías de Telecomunicación (30,23% e 28,57%, respectivamente), Educación Social (30,00% e 26,67%, respectivamente) e Edu-  
cación Primaria (25,45% e 33,33%, respectivamente). De maneira exclusiva no curso 2014/15 esta situación dáse en Linguas Estrangeiras (27,27%), Turismo (26,67%) e Relacións Laborais e Recursos Humanos (25,93%). E, no curso 2017/18, en Ciencias Ambientais (50,00%), Dirección e Xestión Pública (50,00%), Enxearía en Química Industrial (44,44%), Comercio (41,67%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (36,23%) e Educación Infantil (32,14%).
- Pola súa banda, en ambos cursos estudan e traballan menos do 10% dos estudiantes de Ciencias do Mar (6,67% en 2014/15 e 3,45% en 2017/18). En 2014/15 esta situación prodúcese nas titulacións de Comercio (9,09%), Bioloxía (8,00%) e Enfermaría (4,76%) e, en 2017/18, en Turismo (6,67%), Relacións Laborais e Recursos Humanos (8,33%) e Enxearía Mecánica (9,76%).
- Non traballa ningún dos estudiantes do grao de Enxearía da Enerxía en ambos cursos analizados, tampouco en 2014/15 os de Dereito e os de Química, nin en 2017/18 os de Administración e Dirección de Empresas-Enxearía Informática e de Administración e Dirección de Empresas-Dereito, Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Enxearía dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxearía en Tecnoloxías Industriais e Linguas Estrangeiras.

#### **5.1.7. A experiencia laboral**

- A porcentaxe de estudiantes que ten experiencia laboral é do 55,51% no curso 2014/15 e do 48,71% en 2017/18.
- Segundo aumenta a idade dos estudiantes, a porcentaxe dos que contan con experiencia é maior en ambos cursos. Teñen experiencia ao redor da metade dos estudiantes de menos de 26 anos (48,40% en 2014/15 e 43,05% en 2017/18), en torno ao 80% dos estudiantes de entre 26 e 30 anos (80,34% e 81,08%, respectivamente) e máis do 95% dos maiores de 30 anos (97,62% e 95,92%, respectivamente).

- Segundo a rama de ensino, en 2014/15 teñen experiencia laboral máis da metade dos estudiantes de todas as ramas (o 59,77% dos de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 58,44% dos de Artes e Humanidades, o 55,93% dos de Ciencias, e o 51,67% dos de Enxeñaría e Arquitectura), salvo os de Ciencias da Saúde (o 33,85%). En 2017/18 a porcentaxe de estudiantes con experiencia supera o 50% tan só na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, sendo as porcentaxes para o resto das ramas inferiores (Artes e Humanidades 36,47%, Ciencias 39,00%, Enxeñaría e Arquitectura 41,69% e Ciencias da Saúde 46,00%).
  - Segundo a titulación que estudan, en ambos cursos, teñen experiencia profesional máis do 70% dos estudiantes de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (100,00% en ambos cursos), Enxeñaría Forestal (88,89% en 2014/15 e 73,91% en 2017/18) e Ciencias da Actividade Física e do Deporte (79,31% e 76,81%, respectivamente). Só en 2014/15 mostran esta situación os estudiantes de Publicidade e Relacións Públicas (83,33%), Educación Social (80,00%) e Tradución e Interpretación (73,68%). E, en 2017/18, o 100% de Ciencias Ambientais.
  - Pola contra, en ambos cursos non teñen experiencia máis da metade dos estudiantes de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (100% en 2014/15 e 57,14% en 2017/18), Enxeñaría da Enerxía (75,00% e 60,00%, respectivamente), Química (72,73% e 64,00%, respectivamente), Enfermaría (69,05% e 54,29%, respectivamente), Enxeñaría Eléctrica (66,67% e 68,42%, respectivamente), Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (61,54% e 89,66%, respectivamente) e Fisioterapia (60,87% e 53,33%, respectivamente). Só en 2017/18, esta situación dáse nos graos de Xeografía e Historia (90,00%), Lingua Estranxeira (88,89%), Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (70,00%), Ciencias do Mar (68,97%), Traballo Social (68,00%), Enxeñaría Agraria e Enxeñaría en Química Industrial (ambos con 66,67%), Dereito (65,85%), Bioloxía (64,10%), Enxeñaría Mecánica (63,41%), Enxeñaría en Organización Industrial (61,76%), Enxeñaría Informática (61,11%), Administración e Dirección de Empresas- Dereito (60,00%), Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (60,00%), Economía (60,00%), Relacións Laborais e Recursos Humanos (54,17%), Educación Primaria (52,94%) e Tradución e Interpretación (52,38%).
  - En 2014/15, ningún dos estudiantes de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos conta con experiencia.
- ## 5.2. EMPREGABILIDADE E FACTORES EXTERNOS E INTERNOS
- ### 5.2.1. A empregabilidade
- No curso académico 2017/18 os estudiantes valoran de media a súa empregabilidade con puntuacións que van desde 2,67 ata 3,13 sobre 5 puntos, sendo a evolución respecto ao curso 2014/15 positiva, con incrementos entre 0,27 e 0,32 puntos.
  - En particular, a seguridade de que van atopar un traballo cando empecen a buscalo pasou de 2,81 a 3,13, o que supón unha evolución de 0,32 puntos. A seguridade de que poderán atopar un traballo similar ao que teñen en caso de quedar sen el, pasa de 2,46 a 2,76, incrementándose, por tanto, 0,30 puntos. E a seguridade de obter outro emprego se non estivesen satisfeitos co actual pasa de 2,40 a 2,67, o que supón un incremento de 0,27 puntos.
  - En xeral, os estudiantes da rama de Ciencias da Saúde son os que reflecten a maior evolución respecto ao curso 2014/15, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas; sendo os que menos, os de Artes e Humanidades.
  - O xénero amosa unha evolución positiva en todas as afirmacións, e superior nas mulleres. A maior diferenza ten lugar cando valoran que esperan atopar

un traballo similar en caso de quedar sen o que teñen (0,35 puntos de incremento nas mulleres fronte a 0,10 nos homes).

### **5.2.2. Os factores externos da empregabilidade**

#### **5.2.2.1. O mercado laboral**

- A situación do mercado laboral no curso académico 2017/18 é valorada entre 2,92 e 3,67 puntos. A evolución en todas as afirmacións respecto ao curso académico 2014/15 é positiva (entre 0,42 e 0,62 puntos).
- En particular, a percepción que teñen da demanda de estudiantes da súa carreira increménbase en 0,42 puntos (de 2,94 a 3,36). A vantage de terminar o grao evoluciona 0,46 puntos (de 3,21 a 3,67). A confianza en atopar un traballo no seu ámbito de estudos aumenta 0,51 puntos (de 2,60 a 3,11). E, a demanda de estudiantes da súa carreira na súa zona xeográfica evoluciona 0,62 puntos (de 2,30 a 2,92).
- En xeral, os estudiantes da rama de Ciencias da Saúde son os que amosan unha maior evolución sendo, pola contra, os que menos os de Ciencias Sociais e Xurídicas.
- O xénero mostra unha evolución positiva en todas as afirmacións con incrementos maiores nas mulleres (entre 0,52 e 0,62), coa excepción da afirmación que considera a demanda no mercado laboral no seu ámbito de estudos que non mostra diferenzas en mulleres e homes.

#### **5.2.2.2. A universidade**

##### **A reputación**

- A reputación da Universidade de Vigo na medida na que pode favorecer a empregabilidade dos estudiantes é valorada no curso académico 2017/18 entre 2,44 e 3,06, producíndose incrementos respecto ao curso 2014/15 que van desde 0,08 ata 0,26 puntos.
- En particular, a valoración respecto a se os empregadores se dirixen especialmente á súa universidade increménbase en 0,26 puntos (de 2,18 a 2,44). O estatus da súa universidade, na medida na que lles pode axudar a atopar traballo evoluciona 0,08 puntos (de 2,55 a 2,63). E, a reputación na súa carreira increménbase en 0,09 puntos (de 2,97 a 3,06).
- En xeral, os estudiantes que ofrecen unha maior evolución positiva ao valorar a reputación da Universidade de Vigo son os de Artes e Humanidades, seguidos dos de Ciencias.
- O xénero mostra unha evolución positiva nas mulleres cando valoran a boa reputación da universidade (0,22) e negativa nos homes (0,17) e, de novo positiva nas mulleres cando consideran a axuda que lles supón o estatus da mesma (0,15) e negativa nos homes (0,11).

##### **A satisfacción e lealdade**

- O nivel xeral de satisfacción e lealdade dos estudiantes cara á Universidade de Vigo é valorada no curso académico 2017/18 entre 2,38 e 2,82 puntos, producíndose unha evolución positiva en todas as afirmacións respecto ao curso 2014/15, con incrementos entre 0,02 e 0,16 puntos.
- En particular, incrementouse en 0,11 puntos a valoración dos estudiantes sobre se falan aos seus amigos da Universidade de Vigo como unha gran universidade para estudar (pasando de 2,45 a 2,56). O orgullo de pertencer á Universidade de Vigo evolucionou 0,10 puntos (de 2,58 a 2,68). O funcionamento da universidade na medida en que lles axudou a lograr os resultados alcanzados mostra un incremento de 0,03 puntos (de 2,61 a 2,64). A satisfacción de elixir a Universidade de Vigo respecto doutras universidades aumentou en 0,16 puntos (de 2,66 a 2,82). E, a consideración de que sexa unha das mellores universidades para estu-

dar evolucionou 0,02 puntos (de 2,36 a 2,38).

- En xeral, os estudantes que amosan unha maior evolución son os de Ciencias Sociais e Xurídicas, manifestando o maior decremento os de Enxeñaría e Arquitectura.
- Non é posible determinar a evolución da satisfacción e lealdade respecto ao xénero ao non resultar estatisticamente significativas as diferenzas entre homes e mulleres en ambos cursos académicos.

#### **5.2.2.3. O profesorado**

- A valoración do profesorado no curso 2017/18 obtén puntuacións entre 2,86 e 3,01 puntos, mostrando unha evolución negativa respecto ao curso 2014/15, en todos os casos con valores entre 0,04 e 0,13 puntos.
- En particular, prodúcese un decremento de 0,05 puntos ao valorar a eficacia do profesorado ao impartir os coñecementos (de 2,91 a 2,86). A axuda que lles prestou diminúe (0,04), pasando de 3,05 a 3,01. E, a valoración xeral do profesorado decrece en 0,13 puntos (de 3,11 a 2,98).
- En xeral, os estudantes que mostran incremento nas súas valoracións son os de Artes e Humanidades e, pola contra, os que manifestan maior decremento son os de Enxeñaría e Arquitectura e os de Ciencias.
- O xénero amosa unha evolución positiva para as mulleres ao valorar a eficacia do profesorado ao impartir os coñecementos (0,15) mentres que os homes mostran un decremento (0,35).

#### **5.2.2.4. O centro universitario**

##### **O compromiso co matching empresarial**

- A realización de actividades de matching con empregadores por parte do centro é valorada no curso académico 2017/18 entre 1,74 e 2,48 puntos sobre 5, mostrando unha evolución respecto ao curso 2014/15, con valores que van desde un decremento

de 0,02 puntos ata un incremento de 0,29 puntos.

- En particular, a celebración de foros de emprego no centro incrementouse en 0,29 puntos (de 2,19 a 2,48). A realización de presentacións dos empregadores no centro mostra un incremento de 0,21 puntos (de 2,14 a 2,35). E, a realización de probas de selección no centro decrece en 0,02 puntos (de 1,76 a 1,74).
- En xeral, os estudantes da rama de Ciencias da Saúde destacan polo seu decremento, mentres que os demais mostran un incremento, sendo o maior o dos de Artes e Humanidades seguidos dos de Ciencias.
- O xénero mostra unha evolución positiva e maior nos homes ao valorar a realización de foros de emprego e as presentacións dos empregadores. Pola contra, é negativa e maior nas mulleres ao valorar a realización de probas de selección.
- A xestión de bolsas e prácticas en empresas ou institucións
- A xestión de bolsas e prácticas foi valorada no curso 2017/18 entre 2,97 e 3,64, o que supuxo unha evolución, en xeral, positiva en todas as afirmacións en relación ao curso 2014/15 con incrementos entre 0,30 e 1,22 puntos.
- En particular, a existencia de bolsas no estranxeiro evoluciona 0,30 puntos (de 2,93 a 3,23). A existencia de bolsas de traballo coordinadas polo centro incrementase 0,31 puntos (de 2,66 a 2,97). E, a existencia de prácticas en empresas ou institucións evoluciona 1,22 puntos (de 2,42 a 3,64).
- En xeral, os estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Enxeñaría e Arquitectura son os que mostran un maior incremento.
- Non é posible determinar a evolución da xestión de bolsas e prácticas respecto ao xénero ao non resultar estatisticamente significativas as diferenzas entre homes e mulleres en ambos cursos académicos.

### **5.2.2.5. A contorna persoal**

#### **Os contactos sociais**

- Os contactos sociais son valorados no curso 2017/18 en 2,58 no caso dos contactos persoais e en 1,99 puntos no dos das redes sociais, sendo as variacións respecto ao curso 2014/15 positivas de 0,27 e 0,13 puntos.
- En particular, a valoración dos contactos persoais na medida na que lles poden axudar a conseguir un traballo evoluciona 0,27 puntos (de 2,31 a 2,58) e a dos contactos das redes sociais 0,13 (de 1,86 a 1,99).
- En xeral, os estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas e os de Artes e Humanidades son os que amosan a maior evolución positiva ao valorar os seus contactos sociais, mentres que os de Ciencias da Saúde son os únicos que manifestan un decrecemento.
- O xénero mostra unha evolución positiva e maior nas mulleres que nos homes no caso dos contactos persoais (0,25 fronte a 0,12). No caso das redes sociais a evolución é positiva nas mulleres (0,15) pero negativa nos homes (0,04).

#### **A actitude cara ao traballo**

- No curso 2017/18 a actitude cara ao traballo que lles transmitiron aos estudantes os grupos aos que pertencen é valorada con 3,92 e 3,75 puntos, producíndose unha evolución respecto ao curso 2014/15 entre 0,31 e 0,41 puntos.
- En particular, a actitude cara ao traballo transmitida pola contorna familiar do estudiante increméntase 0,31 puntos (de 3,61 a 3,92) e, a transmitida polo resto de grupos aos que pertence o estudiante faino en 0,41 puntos (de 3,34 a 3,75).
- En xeral, os estudantes que mostran maior evolución son os de Ciencias da Saúde, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas e os de Enxeñaría e Arquitectura, sendo os que evolucionan en negativo os de Artes e Humanidades.
- O xénero mostra unha evolución positiva na trans-

misión dunha adecuada cultura de traballo por parte dos grupos aos que pertencen, sendo de 0,50 puntos o incremento das mulleres e de 0,25 a dos homes.

#### **As circunstancias persoais**

- A flexibilidade que a situación persoal do estudiante lle permite para adaptarse a un posible emprego é valorada no curso 2017/18 en 3,89 (xeográfica) e 3,99 (horaria), incrementándose respecto ao curso 2014/15 en 0,07 e 0,10 puntos, respectivamente.
- En particular, a súa disponibilidade xeográfica mostra un incremento de 0,07 puntos, pasando de ser 3,82 a 3,89, mentres que a disponibilidade horaria evoluciona en 0,10 puntos, pasando de 3,89 a 3,99.
- En xeral, os estudantes da rama de Enxeñaría e Arquitectura son os que mostran unha maior evolución, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas, sendo os de Artes e Humanidades os que más decrecen.
- Non é posible determinar a evolución das circunstancias persoais respecto ao xénero ao non resultar estatisticamente significativas as diferenzas entre homes e mulleres en ambos cursos académicos.

### **5.2.3. Os factores internos da empregabilidade**

#### **5.2.3.1. A autoconfianza**

##### **A preparación para un traballo**

- A confianza dos estudantes respecto da súa preparación para atopar un traballo oscila entre 3,67 e 4,03 no curso 2017/18, cunha evolución positiva respecto ao curso 2014/15 que vai desde 0,19 a 0,24 puntos.
- En particular, a valoración da confianza que teñen respecto de que as súas habilidades e coñecementos serán demandados no mercado laboral increméntase en 0,24 puntos (de 3,43 a 3,67). A confianza en que posúen características á marxe da súa formación e experiencia que son atractivas a posibles emprega-

dores evoluciona en 0,19 puntos (de 3,84 a 4,03). E, a valoración de que poden aspirar a calquera traballo sempre que teñan as habilidades e a experiencia que se requieren en 0,22 puntos (de 3,79 a 4,01).

- En xeral, os estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas e os de Ciencias da Saúde son os que mostran unha maior evolución positiva, sendo os de Artes e Humanidades os que mostran maior decremento.
- Non é posible determinar a evolución da confianza na preparación para un traballo respecto ao xénero ao non resultar estatisticamente significativas as diferenzas entre homes e mulleres en ambos cursos académicos.

#### **A adecuada inserción laboral**

- A autoconfianza dos estudantes respecto da súa adecuada inserción laboral varía entre 3,32 e 4,06 puntos no curso 2017/18, producíndose evolucións respecto ao curso 2014/15 que van desde un decremento de 0,02 puntos a un incremento de 0,35.
- En particular, a confianza dos estudantes no éxito que terán nun proceso de selección evoluciona 0,26 puntos (de 3,22 a 3,48). A confianza que teñen en que se desenvolverán ben no seu primeiro día de traballo decrece 0,02 puntos (de 3,34 a 3,32). A confianza que ten a súa contorna persoal nas súas perspectivas laborais evoluciona en positivo 0,23 puntos (de 3,71 a 3,94). E, a súa confianza respecto de atopar un emprego a pesar das dificultades aumenta en 0,35 puntos (de 3,71 a 4,06).
- En xeral, os estudantes de Ciencias da Saúde son os que amosan unha maior evolución e sempre positiva, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas. Os de Enxeñaría e Arquitectura son os que máis decremento manifestan.
- O xénero mostra unha evolución na confianza no éxito nas entrevistas de traballo cun incremento nas mulleres maior que nos homes (0,31 fronte a 0,11).

#### **5.2.3.2. A ambición**

- A ambición dos estudantes no curso académico 2017/18, varía entre 4,13 e 4,73, producíndose unha evolución positiva respecto ao curso 2014/15 con incrementos entre 0,03 e 0,24 puntos.
- En detalle, o claro que teñen as súas metas na vida increménntase 0,09 puntos (de 4,17 a 4,26). A urxencia por progresar na súa carreira profesional aumenta 0,03 puntos (de 4,32 a 4,35). A intención de conseguir un traballo que lles agrade e non calquera aumenta en 0,24 puntos (de 4,49 a 4,73). A pretensión de que o traballo que consigan reporte algo positivo á sociedade mostra unha evolución positiva de 0,09 puntos (de 4,20 a 4,29). E, en xeral, os ambiciosos que se consideran increménntase en 0,15 puntos (de 3,98 a 4,13).
- En xeral, os estudantes de Ciencias da Saúde son os que mostran unha maior evolución positiva, seguidos dos de Enxeñaría e Arquitectura, sendo os de Ciencias os que menos evolucionan.
- O xénero mostra unha evolución positiva tanto cando consideran a claridade das metas na vida, sendo maior nos homes (0,19 fronte a 0,06), como cando consideran a urxencia en progresar na carreira profesional, sendo maior nas mulleres (0,09 fronte a 0,02). Por último, o desexo de traballar en algo con efecto positivo na sociedade evoluciona en positivo nas mulleres (0,21) mentres que en negativo nos homes (0,03).

#### **5.2.3.3. As competencias**

##### **As calidades persoais**

##### **O autocoñecemento, as actitudes e a empatía**

- As calidades persoais do estudiante relacionadas co autocoñecemento, a mellora persoal, a predisposición ás responsabilidades e a empatía foron puntuadas no curso 2017/18 entre 4,23 e 4,46 producíndose, respecto ao curso 2014/15, desde ausencia de

evolucóns (0,00) a incrementos de ata 0,06 puntos.

- En particular, o coñecemento que teñen dos seus sentimientos en cada momento non evoluciona (4,23 ambos cursos), o seu afán de mellora persoal incremántase 0,04 puntos (de 4,27 a 4,31), a súa predisposición a aceptar responsabilidades tampouco evoluciona (4,46 ambos cursos) e, a súa empatía incremántase 0,06 puntos (de 4,37 a 4,43).
- En xeral, os estudantes da rama de Ciencias da Saúde son os que amosan un maior incremento, seguidos dos de Ciencias.
- O xénero mostra unha evolución positiva tanto nas mulleres como nos homes, sendo do mesmo valor en ambos cando puntúan a predisposición a aceptar responsabilidades (0,02) e, maior nas mulleres ao referirse á empatía (0,11 fronte a 0,06).

#### A toma de decisións

- As calidades persoais relacionadas coa toma de decisións mostran no curso 2017/18 valoracións que van desde 4,25 a 4,49 puntos, sendo a evolución respecto ao curso 2014/15 positiva, con incrementos entre 0,02 e 0,09 puntos.
- En particular, a capacidade de reflexionar antes de tomar decisións incremántase 0,05 puntos (de 4,32 a 4,37), a de prestar atención aos detalles 0,04 puntos (de 4,45 a 4,49), a de resolver problemas 0,03 puntos (de 4,22 a 4,25), a de adquirir novos coñecementos 0,02 puntos (de 4,30 a 4,32) e, a de pensar dun modo analítico 0,09 puntos (de 4,22 a 4,31).
- En xeral, os estudantes da rama de Ciencias son os que presentan o maior incremento nestas calidades seguidos dos de Ciencias da Saúde, mentres que os de Enxeñaría e Arquitectura e os de Artes e Humanidades son os que mostran decremento.
- O xénero mostra unha evolución positiva tanto nos homes como nas mulleres na calidade de prestar atención aos detalles, aínda que algo maior nas mulleres (0,08 fronte a 0,02).

#### As habilidades sociais

##### A relación cos demais

- As habilidades que teñen os estudiantes en canto á relación cos demais varían no curso 2017/18 entre 4,05 e 4,14, producíndose unha evolución negativa en todas elas respecto ao curso 2014/15, con decrementos entre 0,03 e 0,08 puntos.
- En particular, a capacidade de negociar con outros decrece 0,03 puntos (de 4,17 a 4,14), a de dar a coñecer as calidades propias aos demais diminúe 0,08 puntos (de 4,13 a 4,05), a de cuestionar ideas propias ou doutros decrece 0,04 (de 4,09 a 4,05) e a de aceitar ideas novas 0,03 puntos (de 4,11 a 4,08).
- En xeral, os estudiantes da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas son os que mostran unha evolución positiva, sendo os de Artes e Humanidades os que obtén un maior decremento.
- O xénero mostra unha evolución negativa na capacidade de demostrar as calidades a outros, cun maior decremento nos homes que nas mulleres (0,09 fronte a 0,05).

##### O liderado

- No curso 2017/18 os estudiantes valoran as habilidades que teñen para ser un líder con puntuacións que van desde 3,71 ata 3,85 puntos, con evolucións negativas respecto ao curso 2014/15 de entre 0,05 e 0,09 puntos.
- En particular, a capacidade de mobilizar a outros decrece en 0,05 puntos (de 3,80 a 3,75), a de fazer valer a autoridade diminúe 0,09 puntos (de 3,80 a 3,71) e, a de convencer aos empregadores da valía persoal decrece en 0,05 puntos (de 3,90 a 3,85).
- En xeral, os estudiantes da rama de Ciencias son os que máis incremento mostran, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas. Os que mostran un maior decremento son os de Enxeñaría e Arquitectura e os de Artes e Humanidades.

- Non é posible determinar a evolución do liderado respecto ao xénero ao non resultar estatisticamente significativas as diferenzas entre homes e mulleres en ambos cursos académicos.

## **O traballo autónomo e en equipo**

### **O traballo autónomo**

- Os estudantes valoran a súa capacidade de traballo autónomo entre 3,85 e 4,48 puntos no curso 2017/18, mostrando estas valoracións respecto das do curso 2014/15 desde un decremento de 0,02 puntos a un incremento de 0,05 puntos.
- En particular, a capacidade de traballar ben individualmente increménțase 0,05 puntos (de 4,43 a 4,48), a de redactar informes decrece 0,02 puntos (de 3,87 a 3,85) e a de escribir de forma axeitada evoluciona en positivo 0,04 puntos (de 3,94 a 3,98).
- En xeral, os estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias son os que mostran unha maior evolución positiva, sendo os de Artes e Humanidades os que maior decremento ofrecen.
- O xénero mostra unha evolución positiva e maior nas mulleres na capacidade de traballar ben independentemente, na de escribir de forma axeitada, e na de redactar documentos, sendo nesta última calidade a evolución negativa nos homes (0,08).

### **O traballo en equipo**

- Os estudantes valoraron no curso 2017/18 as súas calidades para traballar en equipo entre 3,76 e 4,35 puntos. Isto supón unha evolución respecto ao curso 2014/15 que vai desde un valor nulo ata incrementos de 0,14 puntos.
- En particular, increménțase a capacidade de traballar en equipo en 0,01 puntos (de 4,34 a 4,35), a de relacionarse con persoas doutras culturas en 0,14 puntos (de 4,06 a 4,20) e a de realizar presentacións orais en 0,08 puntos (de 3,68 a 3,76). Pola súa banda, a capacidade de saber expresar verbalmente as

súas ideas non evoluciona (3,93 ambos cursos).

- En xeral, os estudantes da rama Ciencias mostran unha evolución positiva, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas, sendo os que máis decremento ofrecen os de Artes e Humanidades.
- O xénero mostra na capacidade de traballar ben en equipo unha evolución positiva nas mulleres (0,12) e un decremento nos homes (0,10).

### **A adaptación**

- A capacidade dos estudantes para adaptarse aos cambios é valorada no curso 2017/18 entre 4,01 e 4,23 puntos, producindo unha evolución positiva respecto ao curso 2014/15, con incrementos entre 0,02 e 0,20 puntos.
- En detalle, a capacidade para enfrentarse a situacións non esperadas increménțase en 0,02 puntos (de 3,99 a 4,01), a de adaptarse a novas situacións 0,03 puntos (de 4,13 a 4,16), a de traballar baixo presión 0,20 puntos (de 3,93 a 4,13) e a de conseguir información para resolver problemas 0,08 puntos (de 4,15 a 4,23).
- En xeral, os estudantes que teñen unha maior evolución positiva son os de Ciencias Sociais e Xurídicas, sendo, pola contra, os de maior decremento os de Artes e Humanidades.
- Non é posible determinar a evolución da adaptación respecto ao xénero ao non resultar estatisticamente significativas as diferenzas entre homes e mulleres en ambos cursos académicos.

### **A eficacia**

- Os estudantes valoran a súa eficacia para organizar e planificar tarefas entre 3,87 e 4,67 no curso 2017/18, cunha evolución respecto ao curso 2014/15 con valoracións que van desde un decremento de 0,04 ata un incremento de 0,09 puntos.
- En particular, a capacidade para usar o tempo de

forma efectiva decrece 0,04 puntos (de 3,91 a 3,87), a de planificar tarefas increménbase 0,02 puntos (de 3,98 a 4,00), a de coordinar actividades evoluciona en positivo 0,01 puntos (de 4,03 a 4,04) e a de ser unha persoa responsable increménbase 0,09 puntos (de 4,58 a 4,67).

- En xeral, os estudiantes da rama de Ciencias, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas son os que amosan un maior incremento, mentres que os de Artes e Humanidades son os que presentan maior decremento.
- O xénero respecto da eficacia mostra en todas as afirmacións unha evolución positiva nas mulleres e un decremento nos homes, sendo a excepción a calidade de ser responsable, que mostra unha evolución positiva e maior nos homes (0,20 fronte a 0,08).

#### 5.2.3.4. A formación

##### O desempeño nos estudos

- Os estudiantes valoran os resultados que alcanzaron no grao no curso 2017/18 entre 3,65 e 4,19, producíndose unha evolución positiva respecto ao curso 2014/15 con incrementos que van desde 0,04 ata 0,12 puntos.
- En particular, increménbase a valoración dos estudiantes respecto a se obtiveron altas cualificacións en 0,07 puntos (de 3,63 a 3,70), o seu dominio da área de estudos en 0,04 puntos (de 3,74 a 3,78), a satisfacción co seu rendemento académico ata o momento en 0,04 puntos (de 3,61 a 3,65) e, a consideración dos seus estudos como prioritarios en 0,12 puntos (de 4,07 a 4,19).
- En xeral, os estudiantes de Ciencias Sociais e Xurídicas, seguidos dos de Enxeñaría e Arquitectura son os que mostran incrementos más altos. Pola contra, os que mostran maiores decrementos son os das ramas de Artes e Humanidades e de Ciencias da Saúde.
- O xénero respecto ao desempeño nos estudos mos-

tra unha evolución positiva en todas as afirmacións menos na do dominio da área de estudos. No caso dos homes con incrementos entre 0,14 e 0,24 puntos, e no caso das mulleres tamén con incrementos, excepto na satisfacción co rendemento académico que mostra un pequeno decremento (0,01).

##### A formación continua

- As valoracións dos estudiantes do seu compromiso coa formación continua están entre 4,01 e 4,56 no curso 2017/18 sendo maiores que as valoracións do curso 2014/15, o que leva a unha evolución positiva con incrementos entre 0,05 e 0,10 puntos.
- En particular, increménstanse as valoracións dos estudiantes sobre a súa responsabilidade de manter e mellorar os seus coñecementos fora do centro universitario en 0,05 puntos (de 4,30 a 4,35), sobre a posesión de coñecementos de áreas diferentes ás da titulación que estudan en 0,10 puntos (de 3,91 a 4,01) e, sobre o seu desejo de formarse ao longo da vida en 0,10 puntos (de 4,46 a 4,56).
- En xeral, os estudiantes das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias son os que mostran maiores incrementos.
- O xénero respecto da formación continua mostra unha evolución positiva tanto nas mulleres como nos homes. En particular, é igual ao valorar a responsabilidade en mellorar os coñecementos fóra do centro (0,08) e é maior nos homes ao valorar o desejo de seguir formándose (0,15 fronte a 0,11).

##### 5.2.3.5. A procura de emprego

###### O coñecemento na procura de emprego A aspiración laboral

- No curso 2017/18 as valoracións do coñecemento que teñen os estudiantes respecto do que queren cando busquen un emprego van desde 3,74 ata 4,31, sendo estas superiores ás do curso 2014/15, o que supón incrementos entre 0,08 e 0,13 puntos.

- En particular, o coñecemento do que queren facer cando terminen a carreira increméntase 0,11 puntos (de 3,63 a 3,74), o coñecemento respecto do que pretenden na súa vida profesional máis aló do económico aumenta 0,08 puntos (de 4,23 a 4,31) e o coñecemento sobre cales son os traballos más afíns á súa personalidade increméntase 0,13 puntos (de 3,70 a 3,83).
- En xeral, os estudantes da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas seguidos dos de Enxeñaría e Arquitectura ofrecen os maiores incrementos e, pola contra, os de Ciencias evolucionan de xeito negativo.
- O xénero respecto a aspiración laboral mostra unha evolución positiva na afirmación sobre o coñecemento do que queren da súa vida laboral ademais do económico, sendo maior nos homes que nas mulleres (0,15 fronte a 0,07).

#### **As actuacións na procura**

- O coñecemento dos estudantes respecto das actuacións que son necesarias para atopar un traballo mostra valoracións que oscilan entre 3,23 e 3,85 no curso 2017/18. Estas, respecto ao curso 2014/15, mostran desde un decremento de 0,07 puntos ata un incremento de 0,15 puntos.
- En particular, o coñecemento que teñen respecto do que se require para conseguir o traballo que lles gustaría presenta unha evolución positiva de 0,13 puntos (de 3,72 a 3,85), o coñecemento dos medios que existen para buscar un traballo diminúe 0,07 puntos (de 3,30 a 3,23) e o coñecemento sobre onde atopar información do traballo que desexan increméntase en 0,15 puntos (de 3,34 a 3,49).
- En xeral, os estudantes da rama de Artes e Humanidades son os que mostran un maior incremento, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas.
- O xénero respecto ao coñecemento sobre as actuacións na procura de emprego mostra unha evolución positiva no coñecemento dos medios necesarios

para conseguir o traballo desexado, sendo maior nos homes (0,23 fronte a 0,11).

#### **O currículo e a entrevista de traballo**

##### **O currículo**

- As valoracións dos estudantes respecto da elaboración e entrega do currículo no curso 2017/18 van desde 3,61 a 4,18, puntos, producíndose respecto ao curso 2014/15 desde un decremento de 0,15 puntos ata un incremento de 0,01 puntos.
- En particular, a valoración do seu coñecemento para elaborar un bo currículo diminúe en 0,15 puntos (de 3,76 a 3,61), a súa consideración respecto da necesidade de adaptar o currículo ao traballo ao que aspiran increméntase en 0,01 puntos (de 4,06 a 4,07) e, a intención de entregar en persoa o seu currículo diminúe 0,01 puntos (de 4,19 a 4,18).
- En xeral, os estudantes da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas son os que maior incremento ofrecen, mentres que os que máis decremento mostran son os de Artes e Humanidades e os de Ciencias da Saúde.
- O xénero respecto ao currículo mostra unha evolución positiva na intención de adaptar o currículo a cada traballo desexado, sendo maior nas mulleres que nos homes (0,04 fronte a 0,03).

##### **A entrevista de traballo**

- As valoracións respecto da entrevista de traballo son de 4,01 e 4,31 no curso 2017/18, o que supón unha evolución positiva respecto ao curso 2014/15 de 0,01 e 0,07 puntos.
- En particular, increméntase en 0,01 puntos (de 4,00 a 4,01) cando consideran preguntar as súas dúbidas nunha entrevista de traballo, e en 0,07 puntos (de 4,24 a 4,31) cando pensan que resaltarán as súas calidades durante a mesma.
- En xeral, os estudantes das ramas de Ciencias e de

Ciencias Sociais e Xurídicas son os que maior incremento mostran, sendo os que menos os de Ciencias da Saúde.

- O xénero respecto da entrevista de traballo revela unha evolución positiva e maior nas mulleres que nos homes na intención de resaltar as calidades nun proceso de selección (0,12 fronte a 0,03).

#### **5.2.3.6. A experiencia laboral**

- No curso 2017/18 os estudiantes valoran a súa experiencia profesional -con independencia de que teña ou non afinidade coa titulación que estudan e do tipo de contrato que tivesen con puntuacións que van desde 2,66 a 4,21 puntos. A evolución respecto ao curso 2014/15 mostra desde un decremento de 0,25 puntos ata un incremento de 0,24 puntos.

- En particular, os estudiantes mostran un decremento de 0,25 puntos na valoración que fan da relación da súa experiencia co grao que cursan (de 3,23 a 2,98), e de 0,07 puntos en que lles permitiu poñer en práctica os coñecementos adquiridos no grao (de 3,01 a 2,94). Pola contra, mostran un incremento e de 0,20 puntos ao valorar se aprenderon moito grazas a ela (de 3,76 a 3,96), de 0,15 puntos se lles permitiu atopar un bo traballo (de 2,51 a 2,66) e de 0,24 puntos se dun xeito xeral a valoran como algo positivo (de 3,97 a 4,21).
- En xeral, os estudiantes da rama de Artes e Humanidades destacan pola súa evolución positiva, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas.
- Non é posible determinar a evolución da experiencia laboral respecto ao xénero ao non resultar estatisticamente significativas as diferenzas entre homes e mulleres en ambos cursos académicos.





# MECENAZGO UNIVERSITARIO

**ENTRE ECONOMÍA E AFECTO**



**Consello Social**  
*Universidade de Vigo*